



## CONVOCATORIA DE PRBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E SUPERIOR DE FORMACIÓN PROFESIONAL

ORDE do 21 de xaneiro de 2021 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se convocan probas de acceso a ciclos formativos de grao medio e de grao superior de formación profesional do sistema educativo para o ano 2021 (códigos de procedemento ED312 C e ED312D).

### Obxecto e ámbito de aplicación

Esta orde ten por obxecto a regulación das probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio (código de procedemento ED312 C) e de grao superior (código de procedemento ED312D) de formación profesional no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para o ano 2021.

### Finalidade e persoas destinatarias das probas de acceso :

1.-As probas de acceso aos ciclos formativos de **grao medio** teñen por finalidade permitir ás persoas que non posúan o título de graduado en educación secundaria obrigatoria nin un título profesional básico, nin outros estudos equivalentes a efectos de acceso, continuar a súa formación accedendo aos ciclos formativos de formación profesional de grao medio, nunhas condicións suficientes para cursar con aproveitamento estes ensinós.

2.- As probas de acceso aos ciclos formativos de **grao superior** teñen por finalidade permitir ás persoas que non posúan o título de bacharelato nin un título de técnico de formación profesional, nin outros estudos equivalentes a efectos de acceso, a posibilidade de continuar formándose en ciclos de formación profesional de grao superior, coa madurez e a idoneidade suficientes para cursar con aproveitamento estes ensinós.

### Requisitos das persoas participantes:

Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao medio as persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a eles e teñan dezasete anos ou os cumpran no ano natural de celebración da proba. Poderán participar na proba de acceso aos ciclos formativos de grao superior as persoas que non cumpran os requisitos académicos esixidos para acceder a eles e teñan dezanove anos ou os cumpran no ano de realización da proba.

### O prazo de presentación:

1.-O prazo de presentación dá solicitude de inscrición, segundo o modelo do anexo I, para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao medio estará comprendido entre os días 15 e 26 de marzo de 2021, ambos os incluídos

2.-O prazo de presentación dá solicitude de inscrición, segundo o modelo do anexo II, para as probas de acceso aos ciclos formativos de grao superior estará comprendido entre os días 18 de febreiro e 3 de marzo de 2021, ambos os incluídos

### Mais información:

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210209/AnuncioG0598-280121-0010\\_gl.pdf](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210209/AnuncioG0598-280121-0010_gl.pdf)